

LINGUA GALEGA E LITERATURA, 2º ESO. Traballo voluntario de composición dunha crónica

- Creación dunha **crónica en audio / vídeo** que recolla un acto en relación coa igualdade de xénero.
- Traballo **individual** ou en **grupos de ata 3** integrantes.
- Entrega en **USB** de memoria ou mediante **ligazón** do arquivo na rede.
- Data límite de entrega: domingo 19 de maio.

PLANIFICACIÓN

Débase partir dun acto que teña relación coa igualdade de xénero: unha manifestación que a reclame, unhas xornadas ao respecto, un encontro dun equipo feminino, un concerto dun grupo composto por mulleres, a presentación dun libro dunha escritora, etc. Ese acto pode ser:

1. Non actual, de hai tempo atrás. Nese caso, partide das novas da prensa e/ou dunha crónica en imaxes (como, por exemplo: <https://i.gal/QerIn> -con galería de fotos- ou <https://nostelevision.gal/feminismo-imparable/>). A partir de aí, reconstruíde os feitos e o ambiente dun período de tempo determinado, como pode ser desde a saída dunha manifestación ata o seu remate. Outra posibilidade é resituarse cunha retransmisión completa que quedase gravada (un bo caso: <https://youtu.be/pBsXKpy-dbM>).
2. Actual, destes días. Para esta opción, precisades asistir para rexistrar como se desenvolveu o evento ou ter información directa de quen estivo presente. Sería conveniente (non imprescindible) gravar. E mesmo poderíades vós narrar ao vivo cara ao final do acto o que aconteceu e como está a rematar.

En calquera caso, cubride un cadro deste tipo:

Como comezou o evento? Como foi evolucionando?	
Que ambiente se percibiu? Como participaron as protagonistas? Que reaccións se produciron?	
Como rematou o acto? Que valor ten para as participantes?	
Que sensacións vos produciu a vós? Que valoracións poderíades incluír?	
Que expresións metafóricas -non forzadas- sería interesante introducir na narración?	

ESCRITA do guión

Redactade partindo dos datos anteriores. Lembraide que unha crónica é a narración dun feito de actualidade ao que se lle engade interpretación, comentarios valorativos. Alén diso, o cronista, que foi testemuña directa ou coñece moi ben o asunto, opta por un estilo persoal, mesmo con recursos literarios.

- Organizade todos os datos dos que dispoñedes de acordo coa estrutura da crónica (vede máis abaixo)
- Escríbide un titular rechamante e un pequeno parágrafo atraente que sirva de introdución (entrada).
- Narrade no corpo a sucesión de feitos en orde cronolóxica. Usade marcadores temporais que relacionen os parágrafos. Incluíde notas descritivas, valoracións e comparacións ou metáforas.
- Pechade mantendo a expectación sobre as consecuencias dos feitos e valorando.

REVISIÓN do guión

- Céntrase nun feito que se desenvolveu no tempo (acto, evento)?
- Nárrase seguindo unha orde cronolóxica?
- Hai un titular subxectivo? O inicio (entrada) crea expectación?
- Organízase o corpo en parágrafos ben enfiados? Hai unha expresión da temporalidade adecuada?
- Inclúense modalizacións (como adxectivos valorativos) ou breves comentarios que amosen subxectividade?
- Hai un peche subxectivo?
- Hai algunha descrición (dos ambiente, das actitudes...)? Emprégase algún recurso literario?
- Incorporouse léxico preciso? As oracións están ben construídas? A cohesión é suficiente?

	CRÓNICA	REPORTAXE
Emisor, actitude e intención	Xornalista (con frecuencia correspondentes e enviados especiais. Relata valorando os feitos (= nova ampliada e comentada).	Xornalista investigador. Debulla claves duns feitos, que valora. Con presenza de distintas perspectivas.
Obxectos temáticos habituais	Actos políticos. Competicións deportivas Manifestacións artísticas Sucesos, conflitos.	- Feitos sociais en relación coa actualidade (explicativa ou investigativa). - Personalidade (semblanza).
Estrutura	- Titulares - Entrada / Presentación - Corpo - Peche	Titular. Entrada. Corpo (información + declaración+valoración) Peche.
Outros trazos	Claridade e precisión. Marcas de modalización Carácter narrativo, con detalles descritivos. Estilo literario.	Linguaxe expresiva, con recursos literarios. Soe incluír apartados específicos e material gráfico.

**Titular
Subtítulo
Autoría**

Fuxida agónica a Macedonia

Máis dun millar de refuxiados e migrantes intentan cruzar de Grecia a Macedonia

RAFA PANADERO | Enviado especial a Idomeni - 15/03/2016

Parágrafo de entrada



Seguía chovendo, sen parar, como os últimos días desde hai unha semana. Os refuxiados parecían desesperados ao ver como as súas tendas de campaña estaban xa inundadas; os nenos tremían de frío coa roupa empapada; a lama chegáballes aos noscelos espídos mentres agardaban na fileira para coller un anaco de pan. Pero a media mañá parou de chover. Algúns recolleron as súas cousas e botaron a andar. O obxectivo, atopar un lugar na fronteira grega no que, segundo o ruxeruxe que circulaba, non había arames.

Corpo

Ao principio non parecían moitos, pero pouco a pouco o grupo foi medrando: anciáns en cadeiras de rodas, algún mutilado da guerra que ao parar a descansar tiraba a prótese, familias enteiros con bebés no colo... "Parece que só hai dereitos para os europeos. Imos chegar a Alemaña, non importa como estea a fronteira", conta decidido e sen deixar de camiñar, Ahmed, recordando que antes en Alepo (Siria) a súa vida era completamente normal e ata tiña tres casas. Agora acompañano 16 membros da súa familia, entre eles dous bebés de 3 e 6 meses.

Valoracións

A metade de camiño, unha decena de axentes antidisturbios gregos trata de frear a caravana. Mais para entón enfronte xa había máis de mil persoas. En Chamilo, última vila grega antes da fronteira, algúns anciáns saen das súas casas para lles dar roupa de abrigo, zapatillas de deporte, botellas de auga, e mesmo garrafas enteras. Pouco despois, espéranos o río Suva, no que orle morreron afogados tres exiliados. Hoxe cruzano centos, facendo unha verdadeira cadea humana. metáfora

Peche

Un pouco máis adiante está, agora si, Macedonia. Co seu exército. Os xornalistas que cruzan xunto cos refuxiados teñen que pagar unha multa de 250€, acusados de entrar de forma ilegal no país. Despois serán devoltos á fronteira, o que semella que ocorrerá tamén con esta multitude que foxe. Probablemente volten á lameira invisible na que se converteu o campo de Idomeni. Mais, seguramente volvan intentalo.

GRAVACIÓN da crónica

① Opción 1

Pódese gravar só o audio, cunha locución do guión axeitada. A pronuncia, o ton, a intensidade ou o timbre determinan a intención da mensaxe e fan chegar esta de maneira efectiva. É fundamental, logo, que a locución resulte natural, áxil pero sen rapidez innecesaria e próxima ao oínte.

Se o estimades conveniente, incorporede algúns efectos e/ou música, mais coidando en todo caso de que non interfiran na audición.

Antes de realizar a gravación, débese ter copia do guión e marcar nel as pausas e as énfases. A continuación, haberá que ensaiar e mellorar a vocalización, a pronuncia, o tempo (velocidade axustada), o ton, o encadeamento das diferentes partes... Os principais erros que se deben evitar na locución son:

- Falar demasiado rápido.
- Ler ou pronunciar de maneira esaxerada, pouco natural.
- Non respectar os signos de puntuación: comas, puntos, signos de interrogación e exclamación...
- Ser monótono e non dar expresividade ao que se le.
- Non transmitir o sentimento que require o contido.

② Opción 2

Poderase tamén compoñer un vídeo, ben sexa con imaxes, ben (no caso de asistir ao evento) coa gravación do locutor ou locutores no lugar dos feitos. Atendede tamén neste caso ás recomendacións anteriores sobre a locución.

Un modelo de crónica sinxela audiovisual pódese ver en <https://youtu.be/ydJ5I7JrRkk>